

VOCABULARIO

UNIDADE 2.

REVOLUCIÓNS LIBERAIS E NACIONALISMO

Historia do Mundo
Contemporáneo

DE QUE TERMO SE TRATA?

Acontecemento que tivo lugar en 1773 no que uns mozos lanzaron ao mar os cargamentos de té que a Compañía das Indias Orientais tiña no porto de Boston en resposta polo imposto sobre este produto e pola concesión do monopolio da súa venda a esa empresa.

??

Asemblea representativa do reino de Francia durante o Antigo Réxime, na que estaban representados os tres estamentos, nobreza, clero e terceiro estado, que foi convocada antes do estourido da Revolución Francesa para tratar de solucionar os problemas da Facenda de Francia..

??

Documentos que podían elaborar cada un dos tres estamentos que se reunían nos Estados Xerais que foron convocados ao inicio da Revolución Francesa, nos cales se recollían as peticións que os seus representantes ían levar á reunión.

??

Acontecemento que tivo lugar o 14 de xullo de 1789 no cal unha revolta popular asaltou unha fortaleza na que se soía encarcerar aos disidentes políticos e que acabou convertendo a este feito no símbolo da Revolución Francesa.

??

Declaración realizada durante a Asemblea Constituínte da Revolución Francesa na que se recoñecían os dereitos naturais do ser humano, a liberdade de pensamento, económica e de relixión, e se consideraba imprescriptible o dereito de propiedade, así como tamén a seguridade e a resistencia á opresión..

??

Nome que recibían as masas populares de París e outras cidades francesas, que eran denominadas así por usar pantalón en lugar do culotte, que era característico da nobreza, e que se converteron nos elementos máis radicais da Revolución Francesa..

??

Grupo político que formaba parte da Convención durante a Revolución Francesa e que estaba integrado polos partidarios dunha república democrática e da alianza cos sans-culottes..

??

Grupo político que formaba parte de la Convención durante la Revolución Francesa e que integrado por revolucionarios moderados..

??

Etapa da Revolución Francesa, durante a época da Convención xacobina ou montañesa na que se ordenaron detencións e execucións en masa coa excusa da ameaza militar no exterior e dos contrarrevolucionarios no interior..

??

Última etapa da Revolución Francesa, que debe o seu nome a unha institución de goberno composta por cinco membros sobre a que recaía o poder executivo, na cal se recorreu con frecuencia á forza para impoñer as decisións..

??

Medida decretada por Napoleón para frear a primacía británica nos mares pola cal non permitía que ningún país puidese comerciar con Gran Bretaña..

??

Reunión na que participaron os principais países europeos en 1815, tras a derrota da Francia de Napoleón, na cal se estableceu o sistema da Restauración e se deseñou un novo mapa político para Europa..

??

Coalición que se estableceu durante a época da Restauración, da que formaban parte Rusia, Austria e Prusia e que perseguía o mantemento do absolutismo e a súa defensa fronte á ameaza liberal..

??

Ideoloxía xurdida nos territorios que loitaron contra a ocupación das tropas napoleónicas, nos que a cidadanía afirmaba ser unha comunidade formada por persoas unidas por lazos históricos e culturais e esixía o dereito a participar no goberno da súa propia comunidade..

??

Ideoloxía que xurdiu en moitos territorios que loitaron contra a ocupación das tropas napoleónicas e nos se coñecían as ideas revolucionarias sobre a soberanía nacional e os dereitos das persoas, nos que as súas xentes xa non se consideraban súbditos, senón cidadáns de pleno dereito, e non admitían á volta á situación de submisión propia da monarquía absoluta do Antigo Réxime..

??

Nome que recibiu a unión aduaneira que estableceron os Estados alemáns, excepto Austria, en 1834, co obxectivo de fomentar a unidade económica e como un primeiro paso para unha futura unión política..

??

Grupo étnico e social formado por persoas descendentes dos españois, pero nadas en América, que pertencían ás clases medias e altas da sociedade latinoamericana, e que encabezaron o proceso de emancipación das colonias españolas en América..

??

FIN